

10621 LEI ORGÁNICA 2/2005, do 22 de xuño, de modificación do Código penal. («BOE» 149, do 23-6-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 20/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica do poder xudicial e do Código penal, no seu artigo segundo, modificou o Código penal introducindo nel os artigos 506 bis, 521 bis e 576 bis. O artigo 506 bis castiga con penas de tres a cinco anos de prisión e inhabilitación a autoridade que convocase procesos electorais ou consultas populares por vía de referendo, carecendo de competencias para iso. Este artigo e o 521 bis tamén penalizan os que facilitasen, promovesen ou asegurasen a realización de tales procesos ou consultas. Pola súa parte, o artigo 576 bis castiga con pena de prisión a autoridade ou funcionario que achegase fondos, bens, subvencións ou axudas públicas a asociacións ou partidos disoltos ou suspendidos pola súa relación con delitos da sección segunda do capítulo V do título XXII do Código penal.

Os artigos anteriores, cuxa derogación se leva a cabo pola presente lei, refírense a condutas que non teñen a suficiente entidade como para merecer o reproche penal, e menos aínda se a pena que se estipula é a prisión.

O dereito penal réxese polos principios de intervención mínima e proporcionalidade, segundo ten sinalado o Tribunal Constitucional, que reiterou que non se pode privar unha persoa do dereito á liberdade sen que sexa estritamente imprescindible. No noso ordenamento hai outras formas de control da legalidade diferentes da vía penal.

Así, o exercicio das potestades de convocar ou promover consultas por quen non as ten legalmente atribuídas é perfectamente controlable por vías diferentes á penal.

En canto ás axudas públicas a asociacións ou partidos disoltos ou suspendidos, o ordenamento xa prevé unha sanción penal se constituísen actos de participación en asociación ilícita.

En suma, as condutas que se estipulan nestes tipos penais non presentan as notas exixidas para proceder á súa incriminación. A Constitución e o conxunto do ordenamento xurídico xa contan cos instrumentos suficientes e adecuados para asegurar o respecto á legalidade e ás institucións democráticas e garantir a convivencia pacífica de todos os cidadáns.

Artigo único. *Modificación do Código penal.*

Quedan suprimidos os artigos 506 bis, 521 bis e 576 bis do Código penal.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

10622 LEI 11/2005, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrológico Nacional. («BOE» 149, do 23-6-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Hidrológico Nacional, aprobado pola Lei 10/2001, do 5 de xullo, inclúe no capítulo III do título I as previsións ligadas ás transferencias de auga entre o Baixo Ebro e as bacías hidrolóxicas internas de Cataluña, do Júcar, do Segura e do Sur, baixo uns supostos obxectivos de racionalidade, eficiencia socioeconómica e ambiental, que distintos informes técnicos puxeron en entredito, ao considerar que nunha decisión de tanto calado como a de levar a cabo o transvasamento non mereceron a debida atención e tratamento aspectos fundamentais, entre os que cabe destacar os seguintes:

a) Na súa dimensión económica, en canto se exaxeraron os beneficios do proxecto, os seus custos aparecen sistematicamente infravalorados e, nalgúns casos, nin sequera foron tomados en consideración; a estrutura de prezos para a industria, a agricultura e os consumidores non foi suficientemente ben explicada; non se aclarou se se aplicarían tarifas diferentes segundo os territorios, nin como establecerían os acordos en materia de prezos; os beneficios positivos, en termos de creación de emprego, foron sobreestimados, e a relación entre o prezo e a demanda non está ben establecida.

b) En canto ás repercusións ambientais, non se analizaron adecuadamente os efectos dunha posible redución das cantidades de auga que se vaian transvasar, e non se despexaron as incertezas sobre o caudal futuro do Ebro; non se adoptaron as medidas necesarias para a protección do río Ebro e en particular do delta; non se asegurou a protección das especies protexidas existentes, contrariamente ao exixido pola lexislación comunitaria sobre hábitats; existe un risco real de propagación de especies invasoras; na avaliación de impacto ambiental e nos seus documentos asociados non se recolle ningunha información sobre a toma e a distribución da auga do transvasamento, nin sobre os bombeos de auga e as instalacións eléctricas necesarias, aspecto clave para determinar o consumo de enerxía que requiren e o seu impacto no cumprimento por España do Protocolo de Kioto; tampouco se informou no trámite de consulta sobre o aumento de salinidade previsto tanto na bacía cedente como nas bacías receptoras, posposta a estudos futuros, que poden chegar cando o dano sexa xa irreparable.

c) E, en canto aos aspectos técnicos, hai que salientar a ausencia do rigor necesario nos estudos sobre a dispoñibilidade efectiva de auga para transvasar, de forma que non é posible determinar canta auga pode ser transferida, nin con que garantías, existindo, por outra parte, unha marxe de dúbida excesiva sobre a capacidade dos encoros previstos para almacenar a auga nas bacías receptoras.

Estas acusadas e graves deficiencias nos criterios que prestan soporte ao transvasamento quedaron corroboradas en boa medida pola valoración sumamente crítica que en distintas fases e trámites mereceu o proxecto ás autoridades comunitarias, o que resulta determinante para considerar que as posibilidades de obter financiamento con cargo tanto a fondos de cohesión como ao

FEDER para un proxecto das características descritas resultan practicamente inexistentes.

Por outro lado, de realizarse o sinalado transvasamento non quedaría garantido o cumprimento das cauteles ambientais e socioeconómicas previstas na lexislación de augas, destinadas a garantir que en ningún caso o desenvolvemento futuro da bacía cedente se poida ver comprometido pola transferencia, nin quedaría asegurada a obrigada circulación do caudal ambiental augas abaixo da toma de derivación e o mantemento dos ecosistemas asociados, tal e como expresamente exige a Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (Directiva Marco sobre Política de Augas), patrón polo que se deberán perfilar as políticas hidráulicas dos Estados membros no século XXI.

De acordo coa citada directiva europea, as transferencias entre bacías só se deben formular cando se optimízen os recursos hídricos de cada bacía; e, en todo caso, calquera actuación hidráulica debe ser compatible co mantemento dos caudais que garantan a calidade ecolóxica das augas. Iso é aplicable, evidentemente, á única transferencia de auga de importancia significativa existente en España, o transvasamento Texo-Segura, cuxa utilización se deberá axustar, estritamente, ás condicións establecidas na lexislación vixente.

Adicionalmente, o exixible principio de recuperación dos verdadeiros custos asociados ao transvasamento, faría inviable economicamente a utilización dos recursos achegados para o regadío e atrasaría no tempo a posta en marcha de solucións a problemas que son xa moi urxentes, mentres que existen alternativas tecnicamente máis recomendables, ligadas á xestión da demanda, á utilización de desalgadoras e á reutilización de recursos, que poden atender unha demanda xustificada e lexítima, paliar a sobreexplotación e contaminación de acuíferos, e asegurar o mantemento dos ecosistemas de interese natural, garantindo un uso máis racional e sustentable dos recursos hidráulicos.

O panorama descrito leva a considerar que o transvasamento proxectado cuestiona gravemente os principios que a propia Lei 10/2001, do 5 de xullo, establece no artigo 12.

É necesario por todo iso adoptar unhas medidas cuxa urxencia se xustifica nas razóns ata aquí expostas, xa que carecería de toda racionalidade continuar investindo nas obras necesarias para realizar un transvasamento que non se vai levar a cabo. Ademais dun evidente malgasto de recursos públicos, iso suporía impedir ou atrasar, por inmovilización de recursos financeiros, a exixible e urxente realización das medidas estruturais de investimento e de xestión que se aproban co carácter de prioritarias e urxentes.

Porque a satisfacción das necesidades hídricas das bacías mediterráneas non admite demora e se debe procurar asegurando a estabilidade dun desenvolvemento máis equilibrado, sustentable e concertado en todos os territorios aos cales afectase o transvasamento do Ebro.

As medidas recollidas nesta lei céntranse, dunha parte, na derogación dos preceptos que regulan o transvasamento e a aprobación do desenvolvemento daqueles proxectos urxentes e prioritarios que máis directamente poden incidir nunha mellora da dispoñibilidade de recursos nas bacías mediterráneas. Neste sentido, o anexo III incorpora as novas actuacións que se declaran de interese xeral, mentres que, por razóns de claridade e sistematización, o novo anexo IV comprende e reordena o conxunto de actuacións que se van acometer con carácter prioritario.

Doutra parte, incorpóranse determinadas reformas á Lei de augas, entre as que cabe destacar: a demanialización total das augas desalgadas; medidas de racionalización na toma de decisións sobre novas obras de interese

xeral, a través dun estudo previo dos seus custos económicos e ambientais; medidas para favorecer a maior integración da protección e a xestión sustentable da auga noutras políticas, como as relativas a enerxía, transporte, ordenación do territorio e urbanismo, agricultura, pesca ou turismo; a definición cualitativa dos caudais ecolóxicos, pola súa importancia para a conservación do medio hídrico e terrestre asociado; a determinación nos plans hidrolóxicos de bacía das reservas naturais fluviais, coa finalidade de preservar os tramos de ríos con escasa ou nula intervención humana; a exixencia de medicións precisas dos caudais efectivamente consumidos ou utilizados polos distintos titulares do dereito ao uso privativo das augas; medidas de reforzo da policía de augas; protección específica das augas destinadas a consumo humano e a regas, garantindo a asignación das augas de mellor calidade ao abastecemento de poboacións; responsabilidade do concesionario para manter os estándares de calidade das augas reutilizadas, que quedan así mesmo demanializadas; mecanismos de coordinación entre administracións para a mellor aplicación do principio de recuperación de custos; e previsión dunha normativa específica sobre seguridade de presas e encoros.

Trátase dun conxunto de reformas, parcial pero importante, que plasma a reorientación da política da auga cuxos eixes principais son: cumprir as normas europeas, en particular, a Directiva marco 2000/60; garantir a equidade, a eficiencia e a sustentabilidade na xestión e o uso dos recursos hídricos, e utilizar para iso as mellores tecnoloxías dispoñibles.

Artigo único. *Modificación da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.*

A Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, modifícase nos seguintes termos:

Primeiro.—O artigo 2.1.d) queda redactado como segue:

«Optimizar a xestión dos recursos hídricos, con especial atención aos territorios con escaseza, protexendo a súa calidade e economizando os seus usos, en harmonía co ambiente e os demais recursos naturais.»

Segundo.—Suprímese a alínea e) do punto 2 do artigo 2.

Terceiro.—A alínea c) do artigo 6 queda redactada da seguinte forma:

«A actualización dos plans hidrolóxicos de bacía para o adecuado cumprimento dos novos criterios dos plans hidrolóxicos de bacía, recollidos pola Lei de augas modificada, facendo especial atención ao dimensionamento das necesidades actuais e previsibles de cada zona.»

Cuarto.—A alínea d) do artigo 6 queda redactada nos seguintes termos:

«As relativas ás seguintes materias, de conformidade coa regulación establecida noutros artigos desta lei e respectando as competencias de cada Administración: caudais ambientais, xestión das secas, protección do dominio público hidráulico, zonas húmidas e información hidrolóxica.»

Quinto.—Engádesse o seguinte texto ao final do punto 2 do artigo 9:

«Estes programas considerarán especialmente as regulamentacións que determinarán as condicións técnicas definitorias de cada un dos estados das masas de augas e potenciais en cumprimento dos criterios da Directiva Marco da Auga, así como os criterios de clasificación, en virtude do cumprimento

mento do artigo 92 ter.1 da Lei 1/2001, de augas, do 20 de xullo.»

Sexto.—O artigo 15 queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Condicións ambientais.*

Co fin de poder determinar as repercusións ambientais das transferencias, someteranse a avaliación de impacto ambiental todos os proxectos de maneira individual e conxunta e, se é o caso, plans e programas relativos a elas, tanto os afectantes ás bacías cedentes como ás receptoras, de conformidade co procedemento establecido pola normativa que resulte de aplicación.

Nos supostos en que a normativa de aplicación non previse a avaliación de impacto ambiental para as transferencias, todos os proxectos relativos a elas se someterán á avaliación de impacto ambiental de maneira conxunta, debendo cumprir as devanditas transferencias as medidas preventivas, protectoras, correctoras e de compensación incluídas nas declaracións de impacto ambiental que para o efecto se diten.»

Sétimo.—O terceiro parágrafo do artigo 25 queda redactado como segue:

«Os plans hidrolóxicos de bacía incorporarán as referidas reservas, e consideraranas como limitacións que se introducirán nas análises dos seus sistemas de explotación. Por proposta das comunidades autónomas, estas reservas poderanse integrar nas redes de protección que a comunidade previse no exercicio das súas competencias.»

Oitavo.—O punto 1 do artigo 26 terá a seguinte redacción:

«1. Para os efectos da avaliación de dispoñibilidades hídricas, os caudais ambientais que se fixen nos plans hidrolóxicos de bacía, de acordo coa Lei de augas, terán a consideración dunha limitación previa aos fluxos do sistema de explotación, que operará con carácter preferente aos usos establecidos no sistema. Para o seu establecemento, os organismos de bacía realizarán estudos específicos para cada tramo de río, tendo en conta a dinámica dos ecosistemas e as condicións mínimas da súa bioce-nose. As dispoñibilidades obtidas nestas condicións son as que poden, se é o caso, ser obxecto de asignación e reserva para os usos existentes e previsibles.»

Noveno.—Engádesse un parágrafo final ao punto 1 do artigo 26 coa seguinte redacción:

«A fixación dos caudais ambientais realizarase coa participación de todas as comunidades autónomas que integren a bacía Hidrográfica, a través dos consellos da auga das respectivas bacías, sen prexuízo do disposto na disposición adicional décima en relación co Plan Integral de Protección de El Delta del Ebro.»

Décimo.—O punto 3 do artigo 36 queda redactado como segue:

«3. En aplicación das previsións establecidas nos plans hidrolóxicos de bacía, o Goberno desenvolverá durante o período 2001-2008 os investimentos que se relacionan no anexo II da presente lei. As correspondentes leis de orzamentos recollerán os compromisos de gastos adecuados e suficientes para lle facer fronte ao citado plan de investimentos.»

Undécimo.—O punto 5 do artigo 36 queda redactado como segue:

«5. Todas e cada unha das obras incluídas nos anexos II e III se declaran de interese xeral cos efectos previstos nos artigos 46.2, 127 e 130 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, e o artigo 10 da Lei de expropiación forzosa respecto da utilidade pública implícita nos plans de obras do Estado.

O Ministerio de Medio Ambiente, os organismos públicos dependentes daquel e, se é o caso, por convenio, outras administracións públicas, realizarán as actuacións relacionadas no anexo IV con carácter prioritario e urgente, de conformidade co establecido pola normativa vixente.

Para que se produza a efectividade da declaración de interese xeral requirirase a emisión de informe previo non vinculante da comunidade autónoma en cuxo territorio se execute a obra.»

Duodécimo.—O punto 1 da disposición adicional segunda queda redactado nos seguintes termos:

«O artigo 1, parágrafo 2, da Lei 18/1981 queda redactado da seguinte forma:

Dous. Poderase destinar ao abastecemento urbano e industrial dos municipios da provincia de Tarragona un caudal equivalente ao recuperado, co límite máximo de catro metros cúbicos por segundo, logo de concesión administrativa, cuxo outorgamento non comprometerá volumes de auga do Ebro adicionais aos actualmente outorgados para os regadíos do delta; para estes efectos realizaranse, se é o caso, os necesarios reajustes das actuais concesións.»

Décimo terceiro.—Incorpórase un novo parágrafo á disposición adicional cuarta co seguinte texto:

«Decláranse de interese xeral as actuacións incluídas no Plan Especial do Alto Guadiana.»

Décimo cuarto.—Incorpórase un novo parágrafo á disposición adicional sétima co seguinte texto:

«Decláranse de interese xeral as actuacións incluídas no Plan Integral de Mellora da Calidade do Río Texo.»

Décimo quinto.—A disposición adicional décima queda redactada do seguinte modo:

«1. Coa finalidade de asegurar o mantemento das condicións ecolóxicas especiais do delta do Ebro, elaborárase un plan integral de protección co seguinte contido mínimo:

a) Definición do réxime hídrico que permita o desenvolvemento das funcións ecolóxicas do río, do delta e do ecosistema mariño próximo. Así mesmo, definirase un caudal adicional que se achegará coa periodicidade e as magnitudes que se establezan de forma que se asegure a correcta satisfacción dos requirimentos ambientais do dito sistema. Os caudais ambientais resultantes incorporaranse ao Plan Hidrolóxico da Bacía do Ebro mediante a súa revisión correspondente.

b) Definición das medidas necesarias para evitar a subsidencia e regresión do delta, como a chegada de sedimentos ou a promoción da vexetación halófila.

c) Mellora da calidade da auga de maneira que sexa compatible coa presenza de especies que se pretendan conservar, que non se xere eutrofia e que non haxa concentracións de fitosanitarios e outros

contaminantes en cantidades potencialmente perigosas para o ser humano, a flora e a fauna dos ecosistemas.

d) Mellora do hábitat físico dos ecosistemas (río, canais, lagoas, baías) e das súas conexións.

e) Definición e aplicación dun modelo agronómico sustentable no marco da política agraria comunitaria e a cuantificación dos posibles volumes de auga que se vaia aferrar nas concesións de regadío actualmente existentes no río.

f) A interrelación entre as actividades humanas presentes no Delta, baías e o contorno do río (turismo e agricultura) cos fluxos de auga e nutrientes necesarios para os ecosistemas naturais.

g) A definición, o método de seguimento e o control de indicadores ambientais que deberán considerar, entre outros, os parámetros do estado cuantitativo e cualitativo de: a cuña salina, a subsidencia e a regresión do delta, a eutrofización das augas, os ecosistemas (especies piscícolas, acuicultura, avifauna, flora específica.), as baías de Els Alfacs e El Fangar, e a contaminación do medio.

h) Garantir a función de corredores biolóxicos das marxes do río no ámbito do plan.

i) Restauración ambiental do encoro de Flix.

2. Se, como consecuencia do seguimento dos indicadores ambientais definidos na alínea g) do anterior punto 1, se detecta algunha situación de risco para os ecosistemas do ámbito de actuación do presente plan, as administracións competentes adoptarán as medidas preventivas e correctoras necesarias.

3. Para a redacción do plan e para a execución e coordinación das súas actuacións, a Administración xeral do Estado e a Xeneralidade de Cataluña subscribirán o oportuno instrumento de colaboración. A redacción do plan terá en conta os principios inspiradores da Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, e realizárase coa consulta e participación dos representantes dos entes locais da zona do delta do Ebro, así como dos usuarios e organizacións sociais máis representativas, con carácter previo á súa aprobación.

4. O plan deberá estar redactado e aprobado no prazo máximo dun ano para os efectos regulados na presente disposición adicional.

5. Ambas as administracións, logo de mutuo acordo, aprobarán o plan no ámbito das súas respectivas competencias.»

Décimo sexto.–Engádesse unha disposición adicional nova co seguinte texto:

«A Comunidade Autónoma de Aragón disporá dunha reserva de auga suficiente para cubrir as necesidades presentes e futuras no seu territorio, tal e como se establece no Pacto da Auga de Aragón, de xuño de 1992.»

Décimo sétimo.–Engádesse unha disposición adicional nova co seguinte texto:

«Por proposta do Goberno de Aragón, os investimentos relativos aos encoros de máis de catro hectómetros cúbicos, con fins de regulación interna, que sexan aprobados pola Comisión de Seguimento do Pacto da Auga de Aragón, terán a consideración de obras hidráulicas de interese xeral cando concorran as circunstancias previstas no punto 1 a 2 do artigo 44 do texto refundido da Lei de augas, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.»

Décimo oitavo.–Créase unha nova disposición transitoria coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria cuarta.

A encomenda de xestión acordada polas comunidades autónomas cos organismos de bacía entenderase que o é co Ministerio de Medio Ambiente nos casos en que este asuma as súas funcións.»

Décimo noveno.

1. Modifícase o anexo II, listaxe de investimentos, respecto das seguintes actuacións:

«Bacía do Ebro: a actuación denominada “Encoro de San Salvador” pasa a denominarse “Encoro de Montbrun (San Salvador optimizado)”.

Bacía do Júcar: a actuación denominada “Interconexión Manises-Picasent” pasa a denominarse “Reforzo do sistema de abastecemento da área metropolitana de Valencia e El Camp de Morvedre”.

2. Incorpóranse á listaxe do anexo II as seguintes actuacións:

«Bacía do Texo: infraestruturas de interconexión e aproveitamento conxunto dos ríos Sorbe e Bornova.

Bacía do Guadiana: mellora do abastecemento á comarca de Almadén.»

Vixésimo.–Engádesse os anexos III e IV co seguinte contido:

«ANEXO III

Novas actuacións de interese xeral

1. Bacía Hidrográfica do Sur.

a) Desalgadora en Níjar.

b) Desalgadora no baixo Almanzora.

c) Desalga no Poniente Almeriense.

d) Remodelación e posta en servizo da desalgadora de Marbella.

e) Desalga na Costa del Sol.

f) Actuacións de reutilización de augas residuais en Almería.

g) Reutilización de augas residuais na cidade de Málaga.

2. Bacía Hidrográfica do Segura.

a) Planta desalgadora para garantir os regadíos do transvasamento Texo-Segura.

b) Desalgadora para L'Alacantí e Vega Baja.

c) Reutilización de augas residuais no Mar Menor.

d) Modernización das infraestruturas hidráulicas dos regadíos da comarca de Los Vélez.

e) Recreecemento do canal da marxe dereita do postransvasamento Texo-Segura. Tramo fin sifón Segura a inicio acueduto de Campos del Río.

f) Condución Boca Sur do túnel de El Saltador-Camino del Cerro Minado (Almanzora).

g) Remodelación do sistema de conducións da Mancomunidad de Los Canales del Taibilla.

h) Desalga de El Campo de Cartagena (rede de distribución).

i) Medidas urxentes para dotar de recursos o Altiplano.

j) Medidas urxentes para dotar de recursos o alto Guadalentín.

k) Ampliación da estación desalgadora de augas salobres –EDAS– de El Mojón e os seus colectores.

l) Ampliación da estación depuradora de augas residuais –EDAR–de Murcia leste e dotación de tratamentos terciarios para a súa reutilización.

m) Interceptor das augas pluviais do norte do municipio de Murcia.

3. Bacía hidrográfica do Júcar.

a) Desalga en La Marina Alta.

b) Desalga en La Marina Baja.

c) Ampliación da desalgadora de Jávea

d) Desenvolvemento de programas de augas subterráneas e desalga para abastecementos e regadíos en Castellón.

e) Reutilización de augas residuais da EDAR de Novelda e Monforte del Cid.

f) Terminación da reutilización das augas residuais de Pinedo.

g) Reutilización de augas residuais da EDAR de Sueca.

h) Reutilización de augas residuais depuradas da Albufera Sur.

i) Reordenación da infraestrutura hidráulica da horta e rede de saneamento da área metropolitana de Valencia.

j) Prolongación do canal da cota 100 do río Mijares.

k) Potabilizadora do río Mijares.

l) Prevención contra avenidas do barranco de Benimodo.

m) Adecuación do encoro de Arenós.

n) Reutilización de augas residuais no sistema Vinalopó–Alacantí.

o) Mellora da depuración e reutilización de augas residuais de La Plana de Castellón.

p) Ampliación da capacidade de depuración de auga en Sueca.

q) Mellora do abastecemento urbano dos municipios de La Marina Baja a través do canal baixo do Algar.

r) Infraestruturas para a reutilización das augas residuais das EDAR de Monte Orgegia (Alicante) e Rincón de León (Alicante) polos usuarios de El Vinalopó.

s) Desalobración e infraestruturas para a posterior reutilización agrícola das augas residuais depuradas da EDAR de Elda-Petrer, polos usuarios de El Vinalopó.

t) Tratamento terciario e reutilización da EDAR de Alcoiá–Comtat para uso industrial.

u) Tratamento terciario e reutilización da EDAR de Ontinyent-Vall d'Albaida para uso industrial.

v) Tratamento terciario e reutilización das augas residuais da EDAR de Gandía.

w) Tratamento terciario e reutilización das augas residuais da EDAR de Xàbia

x) Tratamento terciario e reutilización das augas residuais da EDAR de Oliva.

y) Canalización do Barranco de Juan de Mora (Castellón).

4. Bacía Hidrográfica do Ebro.

a) Programa de calidade das augas do delta do Ebro. Alimentación das baías con auga doce dos canais de rega (1.ª fase).

b) Programa para corrixir subsidencia e regresión do delta do Ebro (1.ª fase).

c) Programa para a implantación de redes de indicadores ambientais de El Delta del Ebro.

d) Eliminación da contaminación química do encoro de Flix.

e) Restauración hidrolóxica da continuidade do río Ebro.

f) Programa de saneamento de augas residuais urbanas (PSARU 2002) na bacía do Ebro (1.ª fase).

g) Aproveitamento por elevación da capacidade non útil do encoro de El Grado.

ANEXO IV

Actuacións prioritarias e urxentes nas bacías mediterráneas

1. Bacía Hidrográfica do Sur.

1.1 Actuacións en incremento da dispoñibilidade de recursos hídricos:

a) Desalgadora do Campo de Dalías.

b) Desalgadora en Nijar.

c) Desalgadora no baixo Almanzora.

d) Desalgadora de auga de mar de Carboneras.

2.ª fase.

e) Desalga no Poniente Almeriense.

f) Remodelación e posta en servizo da desalgadora de Marbella.

g) Desalga na Costa del Sol.

1.2 Actuacións en mellora da xestión dos recursos hídricos:

a) Actuacións complementarias de reutilización de augas residuais no Campo de Dalías.

b) Actuacións de reutilización de augas residuais en Almería.

c) Conexión presa Cuevas de Almanzora-Poniente Almeriense (sector norte).

d) Mellora das infraestruturas hidráulicas das regas da zona de Poniente de Adra.

e) Condicións na zona irrigable do encoro de Cuevas de Almanzora.

f) Corrección de verteduras salinas ao encoro de Guadalhorce.

g) Reutilización de augas residuais na Costa del Sol.

h) Reutilización de augas residuais na cidade de Málaga. 1.ª fase.

2. Bacía Hidrográfica do Segura.

2.1 Actuacións en incremento da dispoñibilidade de recursos hídricos:

a) Desalgadora do Campo de Cartagena.

b) Planta desalgadora para garantir os regadíos do transvasamento Texo-Segura.

c) Ampliación da desalgadora da Mancomunidad de Los Canales del Taibilla en Murcia.

d) Planta desalgadora no Guadalentín.

e) Planta desalgadora para rega en Murcia.

f) Planta desalgadora de La Pedrera.

g) Planta desalgadora. Mellora da calidade en Pilar de la Horadada.

h) Desalgadora para L'Alacantí e Vega Baja.

i) Desalga do Campo de Cartagena (rede de distribución).

j) Medidas urxentes para dotar de recursos a El Altiplano.

k) Medidas urxentes para dotar de recursos o Alto Guadalentín.

l) Ampliación da estación desalgadora de augas salobres –EDAS–de El Mojón e os seus colectores.

2.2 Actuacións en mellora da xestión dos recursos hídricos:

a) Colector de evacuación de augas salinas na Vega Baja e desalobrador.

b) Colector de evacuación de augas salinas no val do Guadalentín e desalobrador.

c) Reutilización de augas residuais no Mar Menor.

- d) Modernización das infraestruturas hidráulicas dos regadíos da Vega Baja del Segura.
- e) Terminación da modernización das infraestruturas hidráulicas dos regadíos da Vega Media.
- f) Modernización das infraestruturas hidráulicas dos regadíos da Vega Alta. Ojós-Contraparada.
- g) Modernización das infraestruturas hidráulicas dos regadíos da Vega Alta ata Ojós.
- h) Terminación da modernización das infraestruturas hidráulicas das zonas irrigables de Lorca e val do Guadalentín.
- i) Modernización da infraestrutura hidráulica da zona irrigable de Librilla.
- j) Modernización das infraestruturas hidráulicas dos regadíos da comarca de Los Vélez.
- k) Conexión Fuensanta-Taibilla.
- l) Recreecemento do canal da marxe dereita do postransvasamento Texo-Segura. Tramo fin sifón Segura a inicio acueduto de Campos del Río.
- m) Conducción boca sur do túnel de El Saltador-Camino del Cerro Minado (Almanzora).
- n) Mellora da calidade da auga para abastecemento urbano procedente do Texo-Segura.
- o) Remodelación do sistema de conducións da Mancomunidad de Los Canales del Taibilla.
- p) Depósito, potabilizadora e instalacións complementarias de abastecemento de Hellín.
- q) Automatización e telemando dos canais e instalacións principais do postransvasamento Texo-Segura.
- r) Ampliación da estación depuradora de augas residuais –EDAR–de Murcia-Leste e dotación de tratamentos terciarios para a súa reutilización.

2.3 Actuacións en mellora da calidade da auga, prevención de inundacións e restauración ambiental:

- a) Interceptores de augas pluviais dos barrios norte e oeste de Cartagena.
- b) Terminación da recuperación ambiental do Segura entre Ojós e Contraparada.
- c) Ampliación da EDAR de Hellín.
- d) Terminación da conservación e acondicionamento do dominio público hidráulico no río Segura, Contraparada-Guardamar (tramo Murcia).
- e) Terminación da conservación e acondicionamento do dominio público hidráulico no río Segura, Contraparada-Guardamar (tramo Alicante).
- f) Recirculación de caudais no tramo urbano de Murcia.
- g) Interceptor de augas pluviais das ramblas do norte do municipio de Murcia.

3. Bacía Hidrográfica do Júcar.

3.1 Actuacións en incremento da dispoñibilidade de recursos hídricos:

- a) Desalga en La Marina Alta.
- b) Desalga en La Marina Baja.
- c) Ampliación da desalgadora da Mancomunidad de Los Canales del Taibilla en Alicante.
- d) Ampliación da desalgadora de Jávea.
- e) Desenvolvemento de programas de augas subterráneas e desalga para abastecementos e regadíos en Castellón.
- f) Regulación para recarga dos excedentes invernales do río Belcaire.
- g) Azude de regulación diaria no tramo baixo do río Turia.
- h) Adecuación do encoro de Arenós.
- i) Ampliación da capacidade de depuración de auga en Sueca.

- j) Mellora do abastecemento urbano dos municipios de La Marina Baja a través do canal baixo de Algar.

3.2 Actuacións en mellora da xestión dos recursos hídricos:

- a) Reutilización e balsa de regulación en La Vila Joiosa.
 - b) Reutilización de augas residuais da EDAR de Novelda e Monforte del Cid.
 - c) Terminación da reutilización das augas residuais de Pinedo.
 - d) Reutilización de augas residuais da EDAR de Sueca.
 - e) Reutilización de augas residuais depuradas da Albufera Sur.
 - f) Plan de modernización de regas de La Plana de Castellón.
 - g) Modernización das regas tradicionais de Escalona, Carcaixent, Sueca, Cullera e Cuatro Pueblos.
 - h) Reordenación da infraestrutura hidráulica da horta e rede de saneamento da área metropolitana de Valencia.
 - i) Modernización do canal Júcar-Turia.
 - j) Gran reparación e automatización do canal principal do Campo do Turia.
 - k) Modernización do canal do Campo do Turia.
 - l) Reposición da levada maior de Sagunto, afectada pola construción da presa de Algar.
 - m) Prolongación do canal da cota 100 do río Mijares.
 - n) Reforzo do sistema de abastecemento da área metropolitana de Valencia e o Camp de Morvedre.
 - o) Reutilización de augas residuais no sistema Vinalopó-Alacantí.
 - p) Mellora da depuración e reutilización de augas residuais de La Plana de Castellón.
 - q) Abastecemento aos municipios do contorno do encoro de Contreras.
 - r) Abastecemento a La Manchuela con augas superficiais.
 - s) Infraestrutura para a substitución de bombeos en acuífero da Mancha Oriental.
 - t) Infraestruturas para a reutilización das augas residuais das EDAR de Monte Orgegia (Alacant) e Rincón de León (Alacant) polos usuarios do Vinalopó.
 - u) Desalobración e infraestruturas para a posterior reutilización agrícola das augas residuais depuradas da EDAR de Elda-Petrer polos usuarios de El Vinalopó.
 - v) Tratamento terciario e reutilización da EDAR de Alcoià-Comtat para uso industrial.
 - w) Tratamento terciario e reutilización da EDAR de Ontinyent-Vall d'Albaida para uso industrial.
 - x) Tratamento terciario e reutilización das augas residuais da EDAR de Gandía.
 - y) Tratamento terciario e reutilización das augas residuais da EDAR de Xàbia.
 - z) Tratamento terciario e reutilización das augas residuais da EDAR de Oliva.
- 3.3 Actuacións en mellora da calidade da auga, prevención de inundacións e restauración ambiental:
- a) Potabilizadora do río Mijares.
 - b) Presa de Villamarchante.
 - c) Alternativa á presa do Marquesado.
 - d) Laminación e mellora da drenaxe da bacía da rambla Gallinera.

- e) Acondicionamento do baixo Turia e novo leito do río.
- f) Laminación e control de avenidas na bacía media do río Serpis.
- g) Laminación e mellora da drenaxe na bacía do río Vacas.
- h) Prevención contra avenidas do barranco de Benimodo.
- i) Canalización do barranco de Juan de Mora (Castellón).

4. Bacía Hidrográfica do Ebro.

Actuacións en mellora da calidade da auga, prevención de inundacións e restauración ambiental:

- a) Programa de calidade das augas do delta do Ebro. Alimentación das baías con auga doce dos canais de rega (1.^a fase).
- b) Programa para corrixir subsidencia e regresión do delta do Ebro (1.^a fase).
- c) Programa para a implantación de redes de indicadores ambientais do delta do Ebro.
- d) Eliminación da contaminación química do encoro de Flix.
- e) Restauración hidrolóxica da continuidade do río Ebro.
- f) Programa de saneamento de augas residuais urbanas (PSARU 2002) na bacía do Ebro (1.^a fase).

Disposición adicional primeira.

En aplicación da lexislación vixente, que sinala a prioridade da bacía cedente, levaranse a cabo con carácter de urxencia e de acordo con criterios de viabilidade as obras previstas no anexo ao Plan Hidrolóxico Nacional que permitan que Castilla-La Mancha poida utilizar tamén a auga e a infraestrutura do acueduto Texo-Segura.

En aplicación da disposición adicional terceira da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, que establece a prioridade da bacía cedente, o volume transvasable desde a cabeceira do Texo revisarase no futuro, oídas as comunidades autónomas afectadas, a medida que o Goberno leve a cabo os investimentos precisos para que resulten adecuadamente satisfeitas as necesidades da bacía do Segura.

O Ministerio de Medio Ambiente, en coordinación coas comunidades autónomas afectadas, terá en conta as implicacións para a xestión do transvasamento Texo-Segura derivadas das exixencias contidas na Directiva Marco da Auga.

En todo caso, durante a presente lexislatura non se modificarán as regras de explotación do transvasamento Texo-Segura.

Disposición adicional segunda. *Cambio de denominación da escala de axentes medioambientais de parques nacionais.*

A escala de axentes medioambientais de parques nacionais pasará a se denominar escala de axentes medioambientais de organismos autónomos do Ministerio de Medio Ambiente, mantendo a súa adscrición orgánica ao Ministerio de Medio Ambiente, así como a clasificación no grupo C dos establecidos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. Os funcionarios que a integren conservarán o carácter de axentes da autoridade no desempeño das súas funcións.

Disposición adicional terceira.

En calquera caso o réxime financeiro regulado na Lei de augas incentivará a modernización dos regadíos.

Disposición adicional cuarta.

Establecer as compensacións de carácter ambiental e desenvolvemento socioeconómico dos municipios que visen afectado negativamente o seu desenvolvemento como consecuencia da construción de encoros, de acordo coa lexislación vixente.

Disposición adicional quinta.

O Goberno, no prazo máximo de tres meses, mediante convenio coa Xeneralidade de Cataluña, garantirá o acceso ao financiamento con cargo a fondos comunitarios, co máximo coeficiente de achega posible e por contía equivalente á prevista para a realización das obras substituídas nas bacías internas de Cataluña que se relacionan:

As que figuraban nos anexos III.5 e IV.5 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, incorporados mediante o Real decreto lei 2/2004, do 18 de xuño.

A denominada «Conexión CAT-Abrera», que figuraba no anexo II da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.

Disposición adicional sexta.

1. O Ministerio de Medio Ambiente informará anualmente as comisións correspondentes do Congreso dos Deputados e do Senado do volume e destino dos caudais transportados polo acueduto Texo-Segura, dos ingresos e custos derivados da súa explotación e utilización, con especial mención dos caudais transportados que non xeraron ingresos, e da distribución entre as comunidades autónomas e provincias beneficiarias da recadación obtida pola tarifa de condución da auga.

2. A inclusión da «Condución Júcar-Vinalopó» no anexo II da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, non suporá en ningún caso a afirmación da súa validez fronte á nulidade declarada polo Tribunal Supremo na súa sentenza do 20 de outubro de 2004 en relación con varios artigos do Plan Hidrolóxico do Júcar.

Disposición adicional sétima.

No marco do desenvolvemento da planificación hidrográfica e cos prazos que exige a Directiva Marco da Auga, o Goberno, logo de consenso coas comunidades autónomas, e no ámbito das súas competencias, levará a cabo as actuacións seguintes:

- a) A revisión da transposición da Directiva 2000/60/CE.
- b) A adaptación dos plans hidrolóxicos de bacía ao establecido nesta norma, disposicións de desenvolvemento e á transposición da Directiva 2000/60/CE.
- c) A reforma do Consello Nacional da Auga.
- d) A revisión do Plan Nacional de Saneamento.
- e) Actuacións en materia de protección e xestión das augas subterráneas.
- f) Actuacións en materia de protección das zonas húmidas existentes.
- g) Actuacións en materia de xestión de pantanos co fin de recuperar sedimentos que poidan retornar aos ríos e eviten a regresión das zonas costeiras.
- h) Actuacións dirixidas a fomentar o aforro de auga, incluída a posible substitución de usos de augas potables por augas doutras procedencias.
- i) Actuacións relativas a campañas didácticas para promover un uso sustentable e racional da auga entre a poboación escolar.

Disposición adicional oitava.

Desestímase a construción do pantano de Jánovas. A Administración central, autonómica e local elaborarán conxuntamente un plan de desenvolvemento sustentable para o municipio afectado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados os artigos 2.2, alínea e), 6, alínea c), 13, 16, 17, 18, 19, 21, 22, 23 e 36.4, segundo inciso (desde: «Pola devandita razón.»; ata: «. a presente lei»), da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.

2. Quedan derogadas as seguintes actuacións do anexo II, Listaxe de investimentos, da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional:

«Conexión CAT-Abrera.»

«Encoro de Santaliestra.»

«Recrecemento do encoro de Camarillas.»

3. Queda derogado o artigo 125 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, e cantas disposicións se opoñan ao disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

Un. A alínea e) do artigo 2 queda redactada nos seguintes termos:

«e) As augas procedentes da desalga de auga de mar.»

Dous. O artigo 13 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A actividade de desalga de auga mariña ou salobre queda sometida ao réxime xeral establecido nesta lei para o uso privativo do dominio público hidráulico, sen prexuízo das autorizacións e concesións demaniais que sexan precisas de acordo coa Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e as demais que procedan conforme a lexislación sectorial aplicable.

2. Na forma que regulamentariamente se determine, tramitaranse nun só expediente as autorizacións e concesións que deban outorgar dous ou máis órganos ou organismos públicos da Administración xeral do Estado, no ámbito das bacías hidrográficas a que se refire o artigo 21 desta lei.

3. No suposto de que o uso non vaia ser directo e exclusivo do concesionario, a Administración concedente aprobará os valores máximos e mínimos das tarifas, que terán que incorporar as cotas de amortización das obras.

4. Os concesionarios da actividade de desalga que teñan inscritos os seus dereitos no Rexistro de Augas poderán participar nas operacións dos centros de intercambio de dereitos de uso da auga.»

Tres. O punto 4 do artigo 25 queda redactado nos seguintes termos:

«4. As confederacións hidrográficas emitirán informe previo, no prazo e supostos que regulamentariamente se determinen, sobre os actos e plans que as comunidades autónomas teñan que aprobar no exercicio das súas competencias, entre outras, en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, espazos naturais, pesca, montes, regadíos e obras públicas de interese rexional, sempre que tales actos e plans afecten o réxime e aproveita-

mento das augas continentais ou os usos permitidos en terreos de dominio público hidráulico e nas súas zonas de servidume e policía, tendo en conta para estes efectos o previsto na planificación hidráulica e nas planificacións sectoriais aprobadas polo Goberno.

Cando os actos ou plans das comunidades autónomas ou das entidades locais comporten novas demandas de recursos hídricos, o informe da Confederación Hidrográfica pronunciarase expresamente sobre a existencia ou inexistencia de recursos suficientes para satisfacer tales demandas.

O informe entenderase desfavorable se non se emite no prazo establecido para o efecto.

O disposto neste punto será tamén de aplicación aos actos e ordenanzas que aproben as entidades locais no ámbito das súas competencias, agás que se trate de actos ditados en aplicación de instrumentos de planeamento que fosen obxecto do correspondente informe previo da Confederación Hidrográfica.»

Catro. O punto 1.b.c') do artigo 42 queda redactado nos seguintes termos:

«A asignación e reserva de recursos para usos e demandas actuais e futuros, así como para a conservación e recuperación do medio natural. Para este efecto determinaranse:

Os caudais ecolóxicos, entendendo como tales os que manteñen como mínimo a vida piscícola que de maneira natural habitaría ou puidese habitar no río, así como a súa vexetación de ribeira.

As reservas naturais fluviais, coa finalidade de preservar, sen alteracións, aqueles tramos de ríos con escasa ou nula intervención humana. Estas reservas circunscribíranse estritamente aos bens de dominio público hidráulico.»

Cinco. Engádesse un novo punto 5 ao artigo 46, coa seguinte redacción:

«5. Con carácter previo á declaración do interese xeral dunha obra hidráulica, deberase elaborar un informe que xustifique a súa viabilidade económica, técnica, social e ambiental, incluíndo un estudo específico sobre a recuperación dos custos. Elaborarase o mesmo informe con carácter previo á execución das obras de interese xeral previstas nos puntos 1, 2 e 3.

En ambos os supostos, os informes deberán ser revisados cada seis anos no caso de que as obras non se levasen a cabo. Os informes e as súas revisións periódicas faranse públicos.»

Seis. O punto 4 do artigo 55 queda redactado nos seguintes termos:

«4. A Administración hidráulica determinará, con carácter xeral, os sistemas de control efectivo dos caudais de auga utilizados e das verteduras ao dominio público hidráulico que se deban establecer para garantir o respecto aos dereitos existentes, medir o volume de auga realmente consumido ou utilizado, permitir a correcta planificación e administración dos recursos e asegurar a calidade das augas. Para tal efecto, os titulares das concesións administrativas de augas e todos aqueles que por calquera título teñan dereito ao seu uso privativo, estarán obrigados a instalar e manter os correspondentes sistemas de medición que garantan información precisa sobre os caudais de auga en efecto consumidos ou utilizados e, se é o caso, retornados.

Así mesmo, establecerá a forma de cómputo dos caudais efectivamente aproveitados cando se trate de caudais sobrantos doutros aproveitamentos.

As comunidades de usuarios poderán exixir tamén o establecemento de análogos sistemas de medición aos comuneiros ou grupos de comuneiros que se integran nelas.

A obriga de instalar e manter sistemas de medición é exixible tamén aos que realicen calquera tipo de vertedura no dominio público hidráulico. Os sistemas de medición serán instalados no punto que determine o organismo de bacía, logo de audiencia aos usuarios. As comunidades de usuarios poderán solicitar a instalación dun único sistema de medición de caudais para os aproveitamentos conxuntos de usuarios interrelacionados. No ámbito das bacías hidrográficas que excedan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma, as medidas previstas no presente punto serán adoptadas polo Ministerio de Medio Ambiente.»

Sete. Engádesse unha nova alínea h) ao artigo 92, coa seguinte redacción:

«h) Garantir a asignación das augas de mellor calidade das existentes nunha área ou rexión ao abastecemento de poboacións.»

Oito. O artigo 94 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 94. *Policía de augas.*

1. A policía das augas e demais elementos do dominio público hidráulico, zonas de servidume e perímetros de protección, será exercida pola Administración hidráulica competente.

2. Nas bacías que excedan do ámbito territorial dunha comunidade autónoma, as comisarías de augas dos organismos de bacía exercerán as seguintes funcións:

a) A inspección e control do dominio público hidráulico.

b) A inspección e vixilancia do cumprimento das condicións de concesións e autorizacións relativas ao dominio público hidráulico.

c) A realización de aforos, información sobre crecidas e control da calidade das augas.

d) A inspección e vixilancia das obras derivadas das concesións e autorizacións de dominio público hidráulico.

e) A inspección e vixilancia das explotacións de todos os aproveitamentos de augas públicas, calquera que sexa a súa titularidade e o réxime xurídico a que están acollidos.

f) A dirección dos servizos de gardaría fluvial.

g) En xeral, a aplicación da normativa de policía de augas e leitos.

3. No exercicio da súa función, os axentes ambientais destinados nas comisarías de augas dos organismos de bacía teñen o carácter de autoridade pública e están facultados para:

a) Entrar libremente en calquera momento e sen previo aviso nos lugares suxeitos a inspección e permanecer neles, con respecto en todo caso á inviolabilidade do domicilio. Ao efectuaren unha visita de inspección, deberanlle comunicar a súa presenza á persoa inspeccionada ou ao seu representante, a non ser que consideren que a dita comunicación poida prexudicar o éxito das súas funcións.

b) Proceder a practicar calquera dilixencia de investigación, exame ou proba que consideren

necesaria para comprobar que as disposicións legais se observan correctamente.

c) Tomar ou sacar mostras de substancias e materiais utilizados ou no establecemento, realizar medicións, obter fotografías, vídeos, gravación de imaxes, e levantar esbozo e planos, sempre que se lle notifique ao empresario ou ao seu representante.

4. Os feitos constatados polos funcionarios da Escala de Axentes Medioambientais que se formalicen nas correspondentes actas terán presunción de certeza, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan achegar os interesados.

5. Os gardas fluviais realizarán labores de apoio e asistencia aos axentes ambientais no exercicio das súas funcións de policía de augas.»

Nove. Engádesse un novo punto 5 ao artigo 99 bis, coa seguinte redacción:

«5. Os instrumentos de ordenación urbanística conterán as previsións adecuadas para garantir a non-afección dos recursos hídricos das zonas incluídas nas alíneas a), b) e d) do punto 2 e os perímetros de protección que para o efecto estableza a Administración hidráulica.»

Dez. O punto 1 do artigo 109 queda redactado nos seguintes termos:

«O Goberno establecerá as condicións básicas para a reutilización das augas, precisando a calidade exixible ás augas depuradas segundo os usos previstos.

O titular da concesión ou autorización deberá sufragar os custos necesarios para adecuar a reutilización das augas ás exixencias de calidade vixentes en cada momento.»

Once. Suprímense os puntos 3, 4 e 5 do artigo 109.

Doce. Engádesse un parágrafo segundo ao punto 1 do artigo 111 bis, coa seguinte redacción:

«As administracións establecerán os oportunos mecanismos compensatorios para evitar a duplicidade na recuperación de custos dos servizos relacionados coa xestión da auga.»

Trece. Engádesse un parágrafo terceiro ao punto 2 do artigo 111 bis, coa seguinte redacción:

«Para tal fin, a Administración con competencias en materia de subministración de auga establecerá as estruturas tarifarias por tramos de consumo, coa finalidade de atender as necesidades básicas a un prezo alcanzable e desincentivar os consumos excesivos.»

Catorce. O punto 5 do artigo 113 queda redactado nos seguintes termos:

«5. No suposto de bacías intercomunitarias, este canon será recadado polo organismo de bacía ou ben pola Administración tributaria do Estado, en virtude de convenio con aquel. Neste segundo caso a Axencia Estatal de Administración Tributaria recibirá do organismo de bacía os datos e censos pertinentes que faciliten a súa xestión, e informará periodicamente este na forma que se determine por vía regulamentaria. O canon recadado será posto á disposición do organismo de bacía correspondente.

Así mesmo, en virtude de convenio as comunidades autónomas poderán recadar o canon no seu ámbito territorial. Neste suposto, a comunidade autónoma porá á disposición do organismo de bacía a contía que se estipule no convenio, en atención ás

funcións que na súa virtude se lle encomenden á comunidade autónoma.»

Quince. Engádesse un novo punto 8 ao artigo 113, coa seguinte redacción:

«8. Cando un suxeito pasivo do canon de control de verteduras estea obrigado a satisfacer algún outro tributo vinculado á protección, mellora e control do medio receptor establecido polas comunidades autónomas en exercicio das súas competencias, o importe correspondente a este tributo poderase deducir ou reducir do importe que se teña que satisfacer en concepto de canon de control de verteduras.

Co obxecto de arbitrar os mecanismos necesarios para conseguir a efectiva correspondencia entre os servizos recibidos e os importes que teña que aboar o suxeito pasivo dos citados tributos, o Ministerio de Medio Ambiente e as administracións autonómicas implicadas subscribirán os oportunos convenios de colaboración.»

Dezaseis. Engádesse un novo artigo 123 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 123 *is*. *Seguridade de presas e encoros*.

Coa finalidade de protexer as persoas, o ambiente e as propiedades, o Goberno regulará mediante real decreto as condicións esenciais de seguridade que deben cumprir as presas e os encoros, establecendo as obrigas e responsabilidades dos seus titulares, os procedementos de control da seguridade e as funcións que lle corresponden á Administración pública.»

Dezasete. Engádesse un novo punto 4 ao artigo 132, coa seguinte redacción:

«4. As sociedades estatais a que se refire este artigo terán a condición de beneficiarias por causa de utilidade pública nos procedementos de expropiación forzosa que se desenvolvan con ocasión da construción, adquisición ou explotación das obras públicas hidráulicas que leven a cabo no marco do convenio a que se refire o punto 2.»

Dezaioito. Engádesse unha disposición transitoria novena, coa denominación «Instalacións de desalga de auga de mar e autorizacións de vertedura» e a seguinte redacción:

«1. As instalacións de desalga de auga de mar que se encontrasen en funcionamento de conformidade coa regulación establecida polo artigo 12 bis da Lei 46/1999, do 14 de decembro, poderán continuar operando consonte o contido dos seus títulos administrativos habilitantes, ata a extinción do prazo das correspondentes autorizacións ou concesións. Transcorrido o devandito prazo, os titulares das instalacións terán dereito preferente para a obtención dunha concesión administrativa, de conformidade co establecido por esta lei.

2. As persoas físicas ou xurídicas que se subrogasen na titularidade dunha autorización de vertedura de augas ao abeiro do réxime establecido polo artigo 109 manterán os dereitos e as obrigas estipulados nos contratos autorizados polo correspondente organismo de bacía ata a finalización do prazo de vixencia da autorización de vertedura.

Transcorrido o devandito prazo, a renovación da autorización deberá ser solicitada por quen vaia ser o seu titular, sen posibilidade de subrogación.»

Dezanove. Engádesse unha disposición derradeira cuarta co seguinte contido:

«1. Por proposta dos ministros de Medio Ambiente e Sanidade e Consumo, o Goberno regulará os requisitos básicos de calidade das augas destinadas a consumo humano, incluíndo as medidas de protección das captacións, coa finalidade de garantir a protección da saúde.

2. Por proposta dos ministros de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e Agricultura, Pesca e Alimentación, o Goberno regulará os requisitos básicos de calidade das augas para rega e, en particular, o emprego de augas residuais depuradas.»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencial*.

A presente lei dítase ao abeiro do disposto polas regras 22.^a e 24.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario*.

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*.

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

10623 *LEI 12/2005, do 22 de xuño, pola que se modifica o artigo 23 da Lei do 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil.* («BOE» 149, do 23-6-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 3 da Constitución española declara que o castelán é a lingua española oficial do Estado e establece que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos. Ao abeiro da dita norma constitucional, seis estatutos de autonomía declararon a oficialidade das respectivas linguas propias nos territorios das comunidades autónomas que lles corresponden.

O Tribunal Constitucional declarou que o artigo 3 da Constitución supón unha habilitación das comunidades autónomas con lingua propia para que, no marco establecido nos seus estatutos de autonomía, poidan regular o alcance do concepto de oficialidade (STC 82/1986, do 26 de xuño, e 56/1990, do 29 de marzo), o cal supón estable-